



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3º e 4º Ed. Primaria)
AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO (1º e 2º Ed. Primaria) E MATERIAL ESCOLAR (Ed. Primaria)
CURSO ESCOLAR 2020-21

Lexislación aplicable: Orde do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar (proceso administrativo ED330B) . O alumnado participante no proxecto educación dixital (E-Dixgal) no curso 2020-21 , 5º e 6º de Educación Primaria, queda excluído do fondo de libros, terá dereito á axuda para material escolar.

O alumnado ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto do fondo así como os adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, e entregalos no centro educativo ao finalizar o curso escolar 2020-21.

Data límite de presentación: 19 de xuño de 2020.

Lugar de presentación: Presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), unha vez que teña cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así un número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- 1.- Presentación no centro: Imprimir a solicitude e o ANEXO II e presentala (debidamente asinada) xunto coa documentación., ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- 2.- Presentación a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

A solicitude será única para todos os fillos matriculados no mesmo centro especificando o nivel de estudos que esperan realizar cada un deles. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación FONDO LIBROS será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno. Poderán presentar as solicitudes os pais, nais titores ou representantes legais.

REQUISITOS

1. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, durante o curso escolar 2020/2021.
- 2.- Para o alumnado de educación primaria ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros.
- 3.- Devolución dos libros de texto pertencentes ao fondo solidario .
- 4.- Para solicitar a axuda de material, ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros.
- 5.- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Todas as solicitudes deberán ir acompañadas pola documentación preceptiva **ORIXINAIS E COPIAS**.

- Impreso de solicitude (anexos I e II) fotocopia da primeira folia.
- Libro de familia ou documento equivalente e fotocopia de todas as follas cubertas, no caso que non teñan libro de familia ou non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018, poderán acreditar o número de membros computables utilizando: 1º.- Setenza xudicial de separación ou divorcio, ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor. 2º.- Certificado ou volante de convivencia. 3º.- Informe de servizos sociais do concello onde resida a familia.
- Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación xustificativa en calquera das formas que enumera o artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega.
- Certificado de convivencia ou Padrón no caso de que o pai e a nai ou titor ou titoras carezan de DNI ou NIE.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a consulta de datos indicados na solicitude, deberán achegar os documentos xustificativos (DNI, Declaración do Renda 2018, certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta, percepción de pensión por incapacidade).

A documentación complementaria (que se xunte coa solicitude) presentárase preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente poderán presentar a documentación de maneira presencial nos centros docentes.

DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Os membros que integran a unidade familiar e a data de referencia para determinar a súa composición é o 31 de decembro de 2018.

Renda per cápita da unidade familiar

Para os cálculos da **renda familiar** terase en conta o **exercicio fiscal do 2018**, sumaranse a base impositiva xeral (recadro 435) e a base impositiva de aforro (recadro 460) e dividirase polo número de membros da unidade familiar. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As persoas que non residiran en España no ano 2018 deberán acreditar os seu ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo.



Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Dende o 20 de maio de 2020 ata o 19 de xuño de 2020 ambos incluídos.

O Equipo directivo.